

MEMORIA 2008

UNIDADE DE POLICÍA ADSCRITA Á
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE
GALICIA (U.P.A.)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E
XUSTIZA
Dirección Xeral de Interior

INDICE

- 1.- INTRODUCCION
- 2.- TRAXECTORIA E MARCO NORMATIVO
- 3.- ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS
 - 3.1.- SEGURIDADE ESTÁTICA:
 - 3.1.1.- PROTECCION ESTÁTICA
 - 3.1.2.- SALA DE COORDINACION
 - 3.1.3.- EQUIPO DE RESPOSTA POLICIAL
 - 3.2.- SECCIÓN OPERATIVA DE PROTECCIÓN
 - 3.3.- INVESTIGACIÓN:
 - 3.3.1.- SERVIZO DE ATENCIÓN A VITIMAS DE VIOLENCIA INTRAFAMILIAR E MENORES
 - 3.3.2.- SERVIZO PERMANENTE DE INVESTIGACIÓN DE INCENDIOS
 - 3.3.3.- SERVIZO DE PROTECCIÓN DO MEDIO NATURAL
 - 3.3.4.- SERVIZO DE CAZA E PESCA FLUVIAL
 - 3.3.5.- EQUIPO DE INVESTIGACIÓN DE XOGO
 - 3.3.6.- SERVIZO DE CONTROL DE PATRIMONIO CULTURAL
 - 3.3.7.- OUTRAS ACTUACIÓNS
 - 3.4.- XESTIÓN TÉCNICA E DE PERSOAL
 - 3.5.- POLICÍA COMUNITARIA
- 4.- ESTRUCTURA DA UNIDADE
 - 4.1.- XEFATURA DA U.P.A.
 - 4.2.- XEFATURAS PROVINCIAIS E LOCAL
 - 4.2.1 NOVA SEDE DA XEFATURA PROVINCIAL DE OURENSE
- 5.- CATEGORIAS, DISTINTIVOS E UNIFORMIDADE
- 6.- DISTRIBUCIÓN DE PERSOAL
 - 6.1.- POSTOS DE TRABALLO
 - 6.2.- POR SEXOS, CATEGORÍA, DESTINO E IDADE
- 7.- ESTATÍSTICA E DATOS ACUMULADOS
 - 7.1.- POLICIA XUDICIAL
 - 7.2.- MENORES DESAPARECIDOS
 - 7.3.- VIOLENCIA DE XÉNERO
 - 7.4.- POLICÍA ADMINISTRATIVA
 - 7.4.1.- RESUMO ESTATÍSTICO DAS ACTUACIÓNS
 - 7.5.- POLICÍA DE SEGURIDADE
 - 7.5.1.- PROTECCIÓN ESTÁTICA
 - 7.5.2.- PROTECCIÓN DINÁMICA
 - 7.6.- APOIO A INSTITUCIÓNS
 - 7.7.-RELACIÓNS COA COMUNIDADE
 - 7.8.- PARTICIPACIÓN NA “*V FERIA INTERNACIONAL DE SEGURIDAD Y EMERGENCIAS*”
- 8.- XESTIÓN DE RECURSOS
 - 8.1.- XESTIÓN ECONÓMICA E TÉCNICA
 - 8.2.- DISPOSITIVO DE COMUNICACION E MOBILIDADE
- 9.- OBXECTIVOS ANO 2009

1.- INTRODUCCIÓN

1.- INTRODUCCION

Con esta memoria quérese facer partícipes a outras institucións e, en xeral, á sociedade galega, das principais actuacións desenvolvidas pola Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (U.P.A.) ao longo do ano 2008 e, tamén, servir de instrumento para facilitar o coñecemento sobre a dita unidade policial, no que atinxe a súa estrutura, aos seus recursos humanos e materiais, así como ao marco normativo no que se encadran as súas funcións.

A finalidade deste documento non se esgota en dar conta das actuacións realizadas pola UPA no ano 2008, xa que tamén, preténdese presentar algúns resultados e, no posible, avaliar mediante indicadores a calidade na prestación dos servizos.

Nese marco, na presente memoria, tamén se avanza algúns dos principais obxectivos para o ano 2009, dos que se confirma a tendencia da creación de grupos operativos especializados en ámbitos administrativos de tanta importancia e sensibilidade social, como o patrimonio cultural o urbanismo e a siniestralidade laboral. Continuando así, co percorrido iniciado en anos anteriores noutras áreas como a de menores.

Todo isto, sen prexuízo, de reforzar as actividades propias da UPA en materia de seguridade estática e dinámica de personalidades e de edificios das institucións da nosa comunidade autónoma, así como de propiciar o incremento das tarefas de apoio policial ás distintas consellerías da Xunta de Galicia.

Para posibilitar o aumento de actuacións e a mellora da súa calidade, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Interior, está a incrementar ano a ano os seus esforzos, tanto

en dotación de novas tecnoloxías (sirvan como exemplo: os equipamentos dos dispositivos de comunicación e mobilidade e o sistema de xestión de flotas (AVL)), como de medios materiais, nos que destaca no ano 2008 a nova sede da Xefatura Provincial de Ourense, inaugurada o pasado 16 de maio.

Respecto ao despregamento do corpo de policía autonómica debe lembrarse que a Lei 8/2007, do 13 de xuño, de Policía de Galicia, establece a posibilidade de que no momento da entrada en vigor da lei, os funcionarios pertencentes á U.P.A. que se atopen na situacións de activo e segunda actividade con destino, poderanse integrar nas escalas e categorías que se establecen, sen que lles sexa de aplicación o requisito de idade e respectándolles os dereitos individuais adquiridos no momento da integración no Corpo Nacional de Policía.

No convencemento de que a seguridade é un valor propio da sociedade de benestar, e considerando que a UPA é un instrumento a prol de garantir tal valor crucial, as súas actuacións deséñanse consonte ás necesidades e demandas da sociedade galega, tendo en conta que debe dar resposta ao constante dinamismo e modernidade que a caracteriza.

2.- TRAXECTORIA E MARCO NORMATIVO

2.- TRAXECTORIA E MARCO NORMATIVO

O Estatuto de Autonomía de Galicia establece no seu artigo 27, número 25, a posibilidade de crear unha policía autónoma, de acordo co que dispoña a lei orgánica prevista no artigo 149.1.29 da Constitución.

A Lei Orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corps de Seguridade, no seu artigo 37.1, dispón que as comunidades autónomas que o teñan previsto no seu estatuto poderán crear corpos de policía para o exercicio das funcións de vixilancia e protección ás que se refire o artigo 148.1.22 da Constitución, e as demais que lle atribúe a citada lei. No seu apartado 2, o artigo 37, determina que as comunidades autónomas que non fixesen uso das posibilidades previstas no apartado 1, poderán exercer tales funcións de conformidade co establecido no artigo 47 desta lei orgánica.

O artigo 47 da Lei orgánica 2/1986 establece que as comunidades autónomas incluídas no apartado 2 do seu artigo 37, poderán solicitar ao Goberno da Nación, a través do Ministerio do Interior, para o exercicio das funcións previstas no seu artigo 38.1, a adscrición de Unidades do Corpo Nacional de Policía e que as condicións da dita adscrición se determinarán en acordos administrativos de colaboración de carácter específico.

En desenvolvemento do devandito artigo 47, aprobouse o Real decreto 221/1991, do 22 de febreiro, que regula a organización de Unidades do Corpo Nacional de Policía adscritas ás comunidades autónomas e establece as peculiaridades do réxime estatutario do seu persoal.

Na súa virtude, o 22 de outubro de 1990, instrumentouse o Acordo Administrativo de Colaboración entre o Ministerio do Interior e a Comunidade Autónoma de Galicia en materia policial, constituíndose e adscribíndose unha Unidade do Corpo Nacional de Policía, por Orde do Ministerio do Interior, do 19 xuño de 1991, que no seu artigo primeiro establece que a unidade policial depende organicamente do Ministerio do Interior e funcionalmente da Xunta de Galicia, exercitándose na actualidade pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Interior. Así mesmo, e consonte á dependencia funcional sinalada, dispónse que durante o tempo da adscrición a unidade policial cumprirá as ordes e directrices das autoridades competentes da Xunta de Galicia, ante as que renderá contas das súas actuacións.

Dende a súa creación en 1991, a Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia vén desempeñando funcións de Policía Autonómica, crescendo na prestación dos seus servizos para dar resposta á asunción paulatina de novas funcións e competencias pola Administración galega, para o que tamén se produce un incremento de efectivos e de distribución territorial.

Na actualidade o Acordo Administrativo de Colaboración, do 22 de outubro de 1990, entre o Ministerio do Interior e a Comunidade Autónoma de Galicia en materia policial, coas modificacións que resultan da Resolución Conxunta sobre a súa prorroga, do 22 de outubro de 1993, e tamén os acordos sobre nova prórroga, do 17 de outubro de 1996, do 17 de outubro de 1999 e do 16 de outubro de 2002, sigue vixente, en virtude do acordo administrativo de nova prórroga, subscrito o 17 de outubro de 2005 entre o Ministerio do Interior e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

3.- ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

3.1.- SEGURIDADE ESTÁTICA:

- 3.1.1.- PROTECCIÓN ESTÁTICA
- 3.1.2.- SALA DE COORDINACIÓN
- 3.1.3.- EQUIPO DE RESPOSTA POLICIAL

3.2.- SECCIÓN OPERATIVA DE PROTECCIÓN

3.3.- INVESTIGACIÓN

- 3.3.1.- SERVIZO DE ATENCIÓN A VÍTIMAS DE VIOLENCIA INTRAFAMILIAR E MENORES.
- 3.3.2.- SERVIZO PERMANENTE DE INVESTIGACIÓN DE INCENDIOS
- 3.3.3.- SERVIZO DE PROTECCIÓN DO MEDIO NATURAL
- 3.3.4.- SERVIZO DE CAZA E PESCA FLUVIAL
- 3.3.5.- OUTRAS ACTUACIÓNS

3.4.- XESTIÓN TÉCNICA E DE PERSOAL

3.5.- POLICÍA COMUNITARIA

3.- ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

A Lei Orgánica 2/1986 de Forzas e Corps de Seguridade dispón o marco competencial que corresponde ás Comunidades Autónomas respecto das súas Polícías.

No seu artigo 38 recolle que as Comunidades Autónomas que en cuxos estatutos estea previsto crear Corps de Policía para o exercicio de funcións de vixilancia e protección ás que se refire o artigo 148.1.22ª da Constitución e as demais que lle atribúe a presente lei, poderán exercer con carácter de propias as seguintes funcións:

- a) Velar polo cumprimento das disposicións e ordes singulares ditadas polos órganos da Comunidade Autónoma.
- b) A vixilancia e protección de persoas, órganos, edificios, establecementos e dependencias da Comunidade Autónoma e dos seus entes instrumentais, garantindo o normal funcionamento das instalacións e a seguridade dos usuarios dos seus servizos.
- c) A inspección das actividades sometidas á ordenación ou disciplina da Comunidade Autónoma, denunciando toda actividade ilícita.
- d) O uso da coacción en orde á execución forzosa dos actos ou disposicións da propia Comunidade Autónoma.

As devanditas funcións recóllense expresamente no Acordo Administrativo de Colaboración co Ministerio do Interior, do 22 de outubro de 1990, e nas súas prórrogas, así como na Orde do Ministerio do Interior, do 19 xuño de 1991.

A U.P.A. crece na prestación dos seus servizos de xeito paralelo ás novas competencias asumidas polo Goberno galego, circunstancia que determina tanto o incremento dos seus recursos humanos e materiais, como no maior despregamento no territorio da nosa Comunidade Autónoma.

Dende esta óptica de crecemento da U.P.A. e consonte a experiencia acumulada en síntese pódense agrupar as súas actuacións en cinco ámbitos de actividade:

- seguridade estática
- protección
- investigación
- xestión técnica e de persoal e,
- policía comunitaria

3.1.- SEGURIDADE ESTÁTICA

Neste ámbito de actuación intégranse os seguintes servizos:

- protección estática
- sala de coordinación e
- Equipo de Resposta Policial

3.1.1.- Protección Estática



Edificio de seguridade
no Parlamento de
Galicia

Estes servizos desenvólvense a cotío na sede do Parlamento de Galicia, nos diversos complexos administrativos da Xunta de Galicia, na residencia do presidente da Xunta de Galicia en Monte Pío, no Pazo de Raxoi e nas propias instalacións utilizadas como sedes pola U.P.A.



Residencia do Sr. Presidente da Xunta de Galicia



Edificio administrativo de San Caetano

3.1.2.- Sala de coordinación

Situada na sede da Xefatura da U.P.A. en Santiago de Compostela, realiza as tarefas de coordinación operativa interna de toda a Unidade e as de coordinación das comunicacións co exterior.

Nesta sala de coordinacións recíbese a información e os requirimentos dos cidadáns de todo o territorio galego, as transmitidas dende o Corpo Nacional de Policía e da Central de Emerxencias 112, sen prexuízo das recibidas en virtude da dependencia funcional dende a Dirección Xeral de Interior.

Posteriormente dende esta sala se transmiten tales requirimentos e a información de que se dispón ás dotacións policiais en servizo, ás xefaturas provinciais e local, a outros operadores policiais e aos servizos administrativos que corresponda da Xunta de Galicia.

Nos ordenadores instalados na devandita sala centralízanse con carácter permanente a recepción de alarmas e imaxes das sedes xudiciais de distintas localidades de Galicia, completando así as restantes medidas de seguridade con que contan.

3.1.3.- Equipo de Resposta Policial (ERPOL)

Este equipo posibilita a actuación inmediata da U.P.A. ante calquera situación de conflitividade no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, que requira dunha pronta resposta policial por afectar aos intereses da Xunta de Galicia.



3.2.- SECCIÓN OPERATIVA DE PROTECCIÓN

A denominada Sección Operativa da U.P.A. centra a súa actividade na prestación de protección dinámica de altas personalidades da Xunta de Galicia e de altos cargos doutras administracións ou persoas que pola súa relevancia precisen desta protección nas súas estadias na nosa Comunidade Autónoma.

3.3.- INVESTIGACIÓN

As actividades de investigación que efectúa a U.P.A. desenvólvense tanto na xefatura da Unidade como nas xefaturas provinciais e local, e abranguen tanto os servizos de policía administrativa (inspección das actividades sometidas á ordenación ou disciplina da Comunidade Autónoma) como de policía xudicial (infraccións penais nos ámbitos de medio ambiente, malos tratos intrafamiliares, menores, contra o patrimonio histórico e cultural, etc), derivadas das actuacións administrativas ou por requirimento das autoridades xudiciais ou da fiscalía.

Neste ámbito de actuación intégranse, entre outros:

- servizo de atención a vítimas de violencia intrafamiliar e a menores
- equipo permanente de investigación de incendios
- servizo de protección do medio natural
- servizo de caza e pesca fluvial
- equipo de investigación de xogo
- servizo de patrimonio cultural
- outras actuacións

3.3.1.- Servizo de Atención a Vítimas de Violencia Intrafamiliar e a Menores

Este servizo, en colaboración co CNP, tramita atestados por infraccións penais derivadas de malos tratos intrafamiliares e vitimización de menores ou incapaces, tamén o incumprimento de ordes de afastamento e de ordes de protección, así como da vixilancia do seu cumprimento.

A maioría destas actuacións realízanse en colaboración ou como apoio doutros servizos da administración, cos que se manteñen contactos periódicos a prol da debida coordinación.

Especialmente debe destacarse o traballo realizado cos servizos dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, por razón da súa competencia nas áreas de actuación da infancia, da mocidade, das mulleres e doutros colectivos merecedores de especial protección social.

Son especialmente subliñables as actuacións da U.P.A. respecto dos menores baixo a tutela ou protección da Xunta de Galicia por encontrarse en situación de risco ou desamparo e dos menores infractores da lei penal na execución das medidas ditadas polos xulgados de menores nos termos establecidos na Lei Orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores e no seu regulamento aprobado por Real Decreto 1774/2004, do 30 de xullo.

Para o desenvolvemento desta actuacións policiais o 7 de maio de 2007, asinouse entre a Secretaría Xeral do Benestar da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Dirección Xeral de Interior da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza un documento no que se contén un procedemento operativo no que se recollen as actuacións da U.P.A no eido de menores, co fin de garantir un axeitado coñecemento do marco legal de

aplicación por todos os implicados, así como incrementar a calidade na prestación deste servizo público.

3.3.2.- Servizo Permanente de Investigación de Incendios

O equipo de investigación permanente de incendios, que radica na Xefatura da U.P.A. en Santiago de Compostela, ten como principais funcións:

- centralizar a actividade operativa despregada polos distintos equipos de investigación de incendios das xefaturas provinciais e a local de Vigo,
- unificar todos os informes emitidos e,
- trasladar as directrices derivadas da participación da U.P.A. nos órganos de coordinación policial da devandita actividade, en concreto, no Comité de Coordinación Policial antiincendios.

Estes servizos préstanse en colaboración coa unidade administrativa encargada da defensa contra os incendios forestais, da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais da Consellería do Medio Rural.



3.3.3.- Servizo de Protección do Medio Natural

A protección do ambiente natural é unha das actividades fundamentais da U.P.A.. Trátase de dar a resposta máis eficaz e eficiente posible para erradicar o incumprimento do amplo espectro normativo que a Comunidade Autónoma galega ten en materia de protección do medio.

É de subliñar a necesaria coordinación coas distintas unidades encargadas da conservación da natureza da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.



3.3.4.- Servizo de Caza e Pesca Fluvial

O control das actividades de caza e pesca fluvial esixe unha presenza permanente da U.P.A. no medio rural. Debe resaltarse que a experiencia acumulada pon de manifesto nesta actividade un alto nivel de eficacia , tanto polo número de inspeccións practicadas como polo número de actas-denuncias estendidas e tramitadas.

Estas actuacións realízanse como apoio ao Servizo de Caza e Pesca Fluvial da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

3.3.5. Equipos de Investigación de Xogo

Estes equipos foron creados o 1 de setembro de 2007, por mor da decisión da dirección xeral de Interior de implicar en funcións de inspección e vixilancia en materia de xogo á UPA, dando apoio á subdirección xeral de Xogo e Espectáculos Públicos incardinada na dita dirección xeral.

A estrutura e competencias destes equipos segue as pautas do resto dos grupos de investigación, sendo o responsable de todos o adxunto á xefatura:

- Equipo coordinador en Santiago de Compostela, con competencias en toda a comunidade autónoma, e sobre todo en materia de bingos, casinos e xogo ilegal.
- Equipos en todas as xefaturas provinciais e na local de Vigo en materia de máquinas recreativas.

Dende a súa creación en setembro estes equipos desenvolveron as seguintes actividades:

INSPECCIÓNS –DENUNCIAS EN MAQUINAS RECREATIVAS		
	INSPECCIÓN	DENUNCIAS
A CORUÑA	2720	183
LUGO	977	28
OURENSE	2000	200
PONTEVEDRA	1058	183
VIGO	1300	149
TOTAL	8055	743

3.3.6.- Servizo de patrimonio cultural

En data 16 de xullo de 2008 a dirección xeral de Interior e a dirección xeral de Patrimonio Cultural formalizan nun documento o procedemento operativo da actuación policial en materia de patrimonio cultural, distinguindo as actuacións sobre a protección de patrimonio cultural de Galicia e as de protección dos camiños de Santiago.

3.3.7.- Outras Actuacións

A actividade de investigación estendese a outras materias suxeitas a actividade de inspección administrativa e infraccións penais como poden ser a protección do patrimonio, sanidade, hixiene, transportes, gandería, camiños de Santiago, ordenación urbanística, costas, industria, etc. Materias que son desenvolvidas polas unidades das distintas consellerías da Xunta de Galicia.

3.4.- XESTIÓN TÉCNICA E PERSOAL

Na Secretaría Xeral da U.P.A. e nas respectivas xefaturas provinciais e local realízanse actividades que son propias na xestión de recursos tanto humanos como materiais que permiten a correcta prestación dos servizos por parte dos funcionarios policiais.

A Secretaría Xeral ten unha importante interacción co resto das seccións, xa que a través desta se canaliza e avalía a información que manexa a U.P.A. e, a súa vez, se nutre da información xerada nas seccións para, entre outras cuestións, a realización das estatísticas.

3.5.- POLICÍA COMUNITARIA

O labor policial, entendido como servizo público, non pode en ningún caso quedar á marxe dos labores asistenciais, humanitarios e de apoio a institucións.

A U.P.A., serve aos intereses e necesidades da cidadanía galega e ás súas institucións; os funcionarios da policía traballan a prol da comunidade e cunha actitude proactiva, sempre en aras de acadar un maior nivel de seguridade; coa intención de que se percibida unha continúa mellora da seguridade individual polos cidadáns.

A presenza continuada das distintas patrullas da U.P.A. teñen como consecuencia a satisfacción e o recoñecemento da cidadanía galega.



Vehículo da UPA nos actos de celebración do día da Policía

4.- ESTRUTURA DA UNIDADE

4.1.- XEFATURA

4.2.- XEFATURAS PROVINCIAIS E LOCAL

4.2.1 NOVA SEDE PROVINCIAL DE OURENSE

4.- ESTRUCTURA DA UNIDADE

Dende a súa creación en 1991, a xefatura da U.P.A. sitúase en Santiago de Compostela, capital de Galicia e cidade na que se localizan o maior número de edificios administrativos da Xunta de Galicia e as sedes de outras altas institucións da nosa Comunidade Autónoma.

No ano 1994, iníciase o despregamento territorial da U.P.A. coa posta en funcionamento das catro xefaturas provinciais, ampliándose no 1997 coa apertura da sede local na cidade de Vigo.

4.1.- XEFATURA DA U.P.A. EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

Dende o seu inicio a xefatura de U.P.A. ten a súa sede en Santiago de Compostela, sendo na actualidade o seu máximo responsable o comisario, e xefe da unidade, Don. Manuel Bouzas Canosa.

A estrutura da xefatura da U.P.A. complétase cun adxunto, como segundo xefe, do que dependen directamente o Equipo de Resposta Policial (E.R.P.O.L.) e o Equipo de Investigación de Xogo.

Adscrito directamente ao xefe da U.P.A. encóntranse o Gabinete Técnico que realiza todas as tarefas de apoio á xefatura e a xestión informática, así como a Secretaría Xeral con labores en material de persoal, comunicacións, vestiario, armamento, vehículos, etc.

Seguindo coa estrutura da xefatura central, existen dúas grandes áreas de actividades:

- sección de seguridade e protección

* protección estática na sede do Parlamento de Galicia, edificios administrativos da Xunta de Galicia, complexo residencial de Monte Pío, Pazo de Raxoi e sedes da U.P.A.

* protección dinámica, mediante a sala de comunicacións e a protección de personalidades.

- sección de investigación


*Medio ambiente: medio natural e investigación de incendios

*Violencia de xénero e menores: violencia intrafamiliar e menores

*Grupo de Patrimonio Histórico cultural.

*Equipo de Xogo

*Grupo de apoio á sección (Secretaría)



4.2.- XEFATURAS PROVINCIAIS E LOCAL

As catro xefaturas provinciais e a local de Vigo exercen, dentro dos seus respectivos ámbitos territoriais, as mesmas funcións xa sinaladas nas dúas grandes áreas de actuación, investigación e seguridade-protección.

Como peculiaridade sinalar que da protección dinámica encárgase sempre o grupo de protección dinámica da xefatura da U.P.A. en Santiago de Compostela.


Esta estrutura da U.P.A. implica o funcionamento de dous sistemas de traballo en canto a supervisión dos servizos e da xestión: territorial (sala de coordinación, protección dinámica, actividades de investigación e xestión técnica e de persoal), local (as restantes actividades).

As xefaturas funcionan con autonomía naquelas actividades que non precisan dunha coordinación con outros organismos. Sirva como exemplo que a investigación de incendios sempre lévase na sede central debido á esixencia de coordinación con diversos centros directivos da Xunta de Galicia e con outras administracións.

O artigo 4 do Real Decreto 2021/1991, do 22 de febreiro, polo que se regulan as organización das Unidades do Corpo Nacional de Policía adscritas ás Comunidades Autónomas dispón que: “ *o ámbito de actuación territorial de cada unidade adscrita será o territorio da correspondente Comunidade Autónoma, agás no relacionado coa protección de altas personalidades e bens inmobles, supostos nos que os membros da unidades continuarán asumindo o exercicio das súas funcións nos eventuais desprazamentos en todo o territorio español*”.

Como consecuencia de tal previsión normativa a Sección Operativa de Protección pode exercer as súas funcións en todo o ámbito territorial do estado español.

Nas restantes actuacións o funcionamento da U.P.A., cunha única xefatura, exerce as súas funcións de xeito descentralizado nas respectivas xefaturas provinciais e local en Vigo.



4.2.1 NOVA SEDE DA XEFATURA PROVINCIAL DE OURENSE

O día 16 de maio inaugurouse a nova sede situada na rúa Campoamor, dando paso a unhas instalacións máis amplas que facilitarán un mellor desenvolvemento das funcións policiais. O acto de inauguración foi presidido polo conselleiro de Presidencia,

Administracións Públicas e Xustiza ao que acompañaron a directora xeral de Interior e do comisario, xefe da UPA e unha representación de todas as institucións e administracións públicas.

A nova sede, cunha superficie de 600 metros cadrados útiles, dispón de espazos adicados a: armería, vestiarios, arquivos, sala de atención a menores, un calabozo para adultos, unha sala de exploracións, sala para a formación policial con capacidade para 30 persoas, así como un amplo aparcadoiro de vehículos..



5.- CATEGORÍAS, DISTINTIVOS E UNIFORMIDADE

5.- CATEGORÍAS, DISTINTIVOS E UNIFORMIDADE

As escalas e categorías profesionais dos membros da U.P.A.e os distintivos e emblemas da súa uniformidade figuran no seguinte cadro:

UNIDADE DE POLICÍA ADSCRITA Á XUNTA DE GALICIA

S
u
p
e
r
i
o
r

Comisario
Principal

Comisario

ESCALA SUPERIOR

E
j
e
c
u
t
i
v
a

Inspector
Jefe

Inspector

ESCALA EXECUTIVA

S
u
b
i
n
s
p
e
c
i
o
n

Subinspector

ESCALA SUBINSPECCIÓN

B
á
s
i
c
a

Oficial de
Policía

Policía

ESCALA BÁSICA

A normativa pola que se regula a uniformidade dos membros da U.P.A. é a seguinte:

* Orde do Ministerio de Interior do 19 de xuño de 1991 pola que se crea unha Unidade do Corpo Nacional de Policía e se adscribe á Comunidade Autónoma de Galicia, dispón no seu artigo 8 que *"A uniformidade da Unidade será a de traballo do Corpo Nacional de Policía, portando sobre a manga dereita da prenda exterior do uniforme un emblema co escudo de Galicia, así como a prenda de cabeza das Unidades Especiais do Corpo Nacional de Policía, que tamén levará o escudo citado"*.

* Orde do Ministerio do Interior do 1 de outubro de 1992 que completa a Orde Ministerial do 30 de novembro de 1990 para as Unidades Especiais e Servizos Específicos do Corpo Nacional de Policía, que dispón na súa disposición final primeira que se autoriza ao director xeral da Policía para establecer o uso de equipamento persoal, indumentaria complementaria ou uniformidade especial, cando a prestación de determinados servizos así o requira.

* Resolución do director xeral de Policía, do 22 de xullo de 2002 que dispón que *"os funcionarios da Unidade do Corpo Nacional de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia, poderán utilizar, como uniformidade de traballo, as prendas reguladas na Orde do Ministerio do Interior de 30 de novembro de 1990"*.

6.- DISTRIBUCIÓN DE PERSOAL

6.1.- POSTOS DE TRABAJO

6.2.- POR SEXOS, CATEGORÍAS, DESTINOS E IDADES

6.- DISTRIBUCIÓN DE PERSOAL

6.1.- POSTOS DE TRABAJO


A U.P.A. finaliza o ano 2008 con 409 membros pertencentes ás diferentes escalas e categorías do Corpo Nacional de Policía, e que se distribúen na Xefatura da Unidade en Santiago de Compostela, as catro Xefaturas Provinciais e a Xefatura Local de Vigo.

Estes funcionarios en servizo activo obtiveron a súa prazas nos sucesivos concursos de méritos específicos. Ademais dos funcionarios que obtiveron praza na Unidade no presente ano (en comisión de servizo), hai 8 funcionarios encóntranse en situación de segunda actividade con destino, o que implica que non poden desempeñar misións operativas.

Persoal da U.P.A. por categorías e xefaturas:

	E.SUPERIOR	E.EXECUTIVA		E.SUBINSPECCIÓN	E.BASICA		
	Comisario	Inspector xefe	Inspector	Subinspector	Oficial policía	Policía	TOTAL
	2008	2008	2008	2008	2008	2008	2008
SANTIAGO	1	4	3	4	19	159	190
A CORUÑA		1	1	1	2	38	43
LUGO		2		1	2	35	40
OURENSE		2		1	3	42	48
PONTEVEDRA		1	1	1	2	37	42
VIGO		1		1	3	33	38
	1	11	5	9	31	344	401
SEGUNDA ACTIVIDADE		2		2	1	3	8
	1	13	5	11	32	347	409

No ano 2008 o descenso de funcionarios foi de 29 motivados uns polas xubilacións, outras polos cambios de destino e outras polos ascensos de categoría. No seguinte cadro amósase a evolución dos recursos humanos da U.P.A.:




6.1.- POSTOS DE TRABAJO NA U.P.A.

Durante o ano 2008 a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Interior, realizou xestións coa Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil do Ministerio do Interior, para o incremento das prazas da U.P.A. ata 500 efectivos e para a provisión de postos intermedios que, sen dúbida, repercutirían positivamente na organización e no despregamento territorial da U.P.A.

É conveniente que nun futuro próximo se cubran todas as prazas, de xeito especial as que corresponden ás escalas executiva e de subinspección, que permitirían contar cun maior número de xefes de grupo (inspectores) e de xefes de subgrupo (subinspectores), que son fundamentais na organización dos servizos da unidade policial.

6.2.- POR SEXOS, CATEGORÍAS, DESTINOS E IDADES

Coas últimas incorporacións do mes de xuño do pasado ano 2007, nas que se cubriron prazas das categorías de inspección, subinspección e de policía, e as baixas do ano 2008 elévase a presenza de mulleres na U.P.A. a 43. Así, as mulleres representan un 10,82.% do total dos efectivos.



7.- ESTATÍSTICA E DATOS ACUMULADOS

7.1.- POLICÍA XUDICIAL

7.2.- MENORES DESAPARECIDOS

7.3.- VIOLENCIA DE XÉNERO

7.4.- POLICÍA ADMINISTRATIVA

7.4.1.- RESUMO ESTATÍSTICO DA UNIDADE

7.5.- POLICÍA DE SEGURIDADE

7.5.1.- PROTECCIÓN ESTÁTICA

7.5.2.- PROTECCIÓN DINÁMICA

7.6.- APOIO A INSTITUCIÓN

7.7.- RELACIÓNS COA COMUNIDADE

7.- ESTATÍSTICA E DATOS ACUMULADOS

Como continuación ás memorias de anos precedentes preténdese neste punto ofrecer unha perspectiva da evolución experimentada polo traballo da U.P.A. durante o ano 2008. Para tal efecto valóranse os datos estatísticos mensuais acumulados diferenciando segundo sedes da U.P.A., especificando a Xefatura en Santiago de Compostela, as catro provinciais e a xefatura local de Vigo.

Tendo en conta que as funcións a desenvolver pola U.P.A. son as previstas no artigo 38.1 da Lei Orgánica 2/1986 de Forzas e Corps de Seguridade, os datos estatísticos que se presentan reflicten, sobre todo, aspectos propios dunha policía administrativa, aínda que tamén se fai mención dalgunhas funcións de policía xudicial.

A estatística elaborada é resultado da cuantificación acumulada mensualmente no ano 2008 e comprende os parámetros que a continuación se reflicten.

7.1.- POLICÍA XUDICIAL

No seguinte cadro reflíctense as infraccións penais coñecidas pola U.P.A. concrétnanse na tramitación de atestados policiais por delitos, así como o seu esclarecemento.

Cadro II		
CADRO RESUMO DE ACTIVIDADES OPERATIVAS DA U.P.A. DE GALICIA		
ACTIVIDADES DA U.P.A.	ANO 2008	
POLICÍA XUDICIAL (DELITOS)	COÑECIDOS	ESCLARECIDOS
<i>Violencia de xénero</i>	83	75
<i>Incendios Forestais</i>	57	55
<i>Des. quebr.orde de protección</i>	5	4
<i>Outros delitos</i>	16	14
TOTAL DELITOS	161	148
POLICÍA XUDICIAL (FALTAS)	COÑECIDAS	ESCLARECIDAS
<i>Contra as persoas</i>	18	14
<i>Contra o patrimonio</i>	2	2
<i>Contra intereses xerais</i>	18	10
<i>Contra orde público</i>	1	0
TOTAL FALTAS	39	26
DETIDOS TOTAIS	100	
MENORES DESAPARECIDOS	DENUNCIADOS	RECUPERADOS
TOTAL DESAPARECIDOS	389	345
POLICÍA ADMINISTRATIVA	INSPECCIÓN	ACTAS
<i>Protección de menores</i>	9664	1421
<i>Protección do M.A.N.</i>	5438	1414
<i>Recursos mariños</i>	518	102
<i>Caza</i>	572	48
<i>Gandería</i>	643	167
<i>Saúde pública</i>	386	19
<i>Incendios forestais</i>	4117	354
<i>Pesca fluvial</i>	621	73
<i>Varios</i>	207	142
TOTAL INFRACCIÓNS ADMINISTRATIVAS.	22166	3740


ACTIVIDADES DA U.P.A.	ANO 2008					
OUTRAS ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS	INFORMES	NOTIFICACIÓNS	INSPECCIÓNS	TRASLADOS	LOCALIZACIÓNS	COMPULSIÓNS
<i>Muller</i>	118	55	6	9	12	0
<i>Menores</i>	1687	303	11	946	145	0
<i>Establecementos Públicos</i>	35	1	230	0	0	0
<i>Touros</i>	13		28			
<i>Cultura</i>	98	17	122			
<i>Alegacións</i>	227	4	11			
<i>Vertedoiros</i>	220	8	109			
<i>Empresas</i>	55	0	215			
<i>Contaminacións</i>	8		8			
<i>Averiguacións de domicilio</i>	116	7	44		13	41
<i>Xogo</i>	540	571	4732			
<i>Saneamento gandeiro</i>	7		238			
<i>Malos tratos</i>	22	16	29	7		
<i>Facenda</i>	22	3	9		7	
<i>Incendios forestais</i>	129	16	726			
<i>Outros</i>	277	256	1196	7	140	30
TOTAL OUTRAS ACTIV. ADMIN.	3574	1257	7714	969	317	71
POLICÍA DE SEGURIDADE	DISPOSITIVOS			PATRULLAS		
<i>Estática</i>	2063			3000		
<i>Dinámica</i>	1244			2701		
TOTAL	3307			5701		

Débese sinalar que se facilitan ás respectivas Comisaría do Corpo Nacional de Policía as copias dos atestados tramitados, así como dos detidos que foron salientados polas Brigadas da Policía Científica.

7.2.- MENORES DESAPARECIDOS


No ano 2008 denunciáronse nas dependencias da U.P.A. 389 desaparicións de menores, dos que se localizaron ou reintegraron 345; dos que 133 foron recuperados pola U.P.A.

Das denuncias tramitadas nas dependencias da U.P.A, 345 foron formuladas polos Centros onde estaban acollidos os menores e 44 polos seus familiares.



7.3.- VIOLENCIA DE XÉNERO

O seguinte gráfico reflicte o número de ofrecementos e a adxudicación de teléfonos móbiles ás vítimas de malos tratos realizados pola Unidade nos catro últimos anos.




7.4.- POLICÍA ADMINISTRATIVA

As actuacións da U.P.A. na súa función de "*inspección das actividades sometidas á ordenación ou disciplina da Comunidade Autónoma, denunciando toda actividade ilícita*", supuxeron a práctica de 22.166 inspeccións e deron como resultado a tramitación de 3.740 actas/denuncias.

Os eidos nos que se realizan estas actuacións abranguen sectores tan variados como a protección de menores, protección do medio natural, a sanidade animal, sanidade vexetal, transportes, urbanismo, saúde pública, etc. e, en particular, o control da actividade de tinturarias, talleres e a xestión dos seus residuos; a inspección de establecementos comerciais de produtos fitosanitarios, transporte de gando, protección do patrimonio, etc.

É de destacar de xeito singular a actividade preventiva na loita contra os incendios forestais, mediante a distribución de zonas de vixilancia especial en razón dos históricos de interese, que presenta un alto nivel de eficacia a vista dos resultados acadados.


Entre os 3.740 feitos denunciados, destacan as 1421 denuncias por infraccións no ámbito de protección de menores, as 1414 por distintas infraccións contra o medio ambiente, as 102 en recursos mariños, as 167 de gandería, as 354 de incendios forestais, 98 de ordenación urbana e as 153 de protección do patrimonio.



Para dar a resposta adecuada ás necesidades xurdidas na tempada de verán a Dirección Xeral de Interior autorizou aos 76 funcionarios que voluntariamente o solicitaron a realización, fóra da súa xornada de traballo, de servizos extraordinarios. Realizando un total de 154 servizos.

Debe subliñarse que a U.P.A. realizou durante o 2008 un total de 5.438 inspeccións na defensa do medio natural, que tiveron como resultado un total de 1.414 actas denuncia.

Continuando o labor de anos anteriores segue manténdose en niveis moi altos a actividade inspectora en materia de Protección de Menores. O total de inspeccións por tal motivo foi de 2554 e o de actas de 619.




Outras áreas: Recursos Mariños (218 inspeccións - 102 denuncias), Caza (519 Inspeccións - 47 denuncias), Gandería (643 Inspeccións - 167 denuncias), Saúde Pública (386 Inspeccións - 19 denuncias), Incendios Forestais (4.117 Inspeccións - 354 denuncias) e outras, esixiron da U.P.A. unha actividade constante ao longo do ano e, en moitos casos, en función dos períodos hábiles para determinadas actividades.

Continuando o labor desenvolvido nos últimos anos na loita contra os incendios forestais recollida no plan INFOGA, o Consello da Xunta do 24 de maio de 2007 aprobou o Plan de Defensa contra Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA), elaborado pola Consellería do Medio Rural en cumprimento da Lei de Prevención e Defensa contra Incendios, en vigor desde o 17 de abril de 2007.

Seguindo o PLADIGA, a UPA, desenvolveu as tarefas que reflicten a seguinte táboa:

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Santiago	Total
<i>Patrullas Investigación</i>	126	121	102	60	38	153	600
<i>Patrullas Prevención</i>	146	351	315	122	190	353	1477
<i>Incendios</i>	11	22	32	2	11	13	91
<i>Detidos</i>	2		4	2	1	1	10
<i>Identificacións de persoas</i>	241	26	219	43	16	93	638
<i>Identificación de vehículos</i>	203	10	155	114	11	138	631
<i>Entrevistas</i>	87	95	276	47		137	642
<i>Colaboracións</i>	19	2	37	1		12	71
<i>Actas Denuncia</i>	2	3	2	2		2	11

A execución do Pladiga tivo lugar desde o de 1 de xuño ata o 15 de outubro, participando os funcionarios da UPA, en grupos de prevención e de investigación de incendios como se recolle no seguinte gráfico:




7.4.1.- RESUMO ESTATÍSTICO DAS ACTUACIÓNS

INSPECCIÓNS							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	SANTIAGO	VIGO	TOTAL
Protección de Menores	73	351	47	739	104	1240	2554
Protección de MAN	189	1968	612	2046	0	623	5438
Recursos Mariños	81	135	0	15	0	287	518
Caza	4	169	379	10	0	10	572
Gandería	3	394	108	86	0	52	643
Saúde Pública	0	284	88	6	0	8	386
Incendios Forestais Lei 43/2002 de Montes	359	411	658	1069	0	1620	4117
Protección Patrimonio Lei 8/95	3	220	29	172	0	86	510
Ordenación Urbana	0	306	0	5	0	10	321
Pesca fluvial	5	180	376	37	0	23	621

ACTAS							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	SANTIAGO	VIGO	TOTAL
Protección de Menores	56	85	46	99	0	333	619
Protección de MAN	151	143	445	433	108	134	1414
Recursos Mariños	32	22	0	0	0	48	102
Caza	-	13	34	0	0	1	48
Gandaría	0	20	74	46	0	27	167
Saúde Pública	0	8	7	0	0	4	19
Incendios Forestais Lei 43/2002 de Montes	21	76	72	108	29	48	354
Protección Patrimonio Lei 8/95	2	39	28	42	0	42	153
Ordenación Urbana	0	93	0	0	0	5	98
Pesca fluvial	0	22	48	1	0	2	73

7.5.- POLICÍA DE SEGURIDADE

Durante o ano 2008 desenvolvéronse en toda Galicia aproximadamente 109 mobilizacións cidadás -manifestacións, concentracións e encerros- por mor de conflitos que afectaron ás competencias da Xunta de Galicia e ás súas dependencias. Ademais, do seu seguimento constante, en máis dun centenar de mobilizacións foi necesaria a presenza de membros da U.P.A. incluso naquelas nas que non existía unha previa comunicación da autoridade gobernativa.



Os dispositivos de seguridade establecidos nos distintos edificios da Xunta de Galicia, lograron que todas as mobilizacións se desenvolvesen en condicións nas que se garantiu o normal funcionamento das institucións. Nos supostos que foi necesario disuadiuse aos participantes da realización de toda intrusión hostil e da ocupación dos edificios oficiais.

As previsións de conflitividade elabóranse coa colaboración da Xefatura Superior de Policía de Galicia, que facilita á U.P.A. diariamente a información pertinente.

No ano 2008, increméntase a colaboración da U.P.A. coas restantes forzas e corpos de seguridade, participando de xeito regular e conxunto coas distintas Comisarías Provinciais e Locais en todo tipo de dispositivos establecidos para garantir a seguridade cidadá.

Por outra banda, e no ámbito da seguridade cidadá, as actividades da U.P.A., materializáronse en dispositivos e en patrullas, -dinámicas e estáticas-, e nos apoios con patrullas ordinarias ás actividades das distintas consellerías, destacando polo seu número, os prestados á Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar (en materia de familia e xuventude), á de Pesca e Asuntos Marítimos, así como á de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

7.5.1.- PROTECCIÓN ESTÁTICA

No ano 2008 contabilizáronse 2.063 dispositivos e 3.000 patrullas de seguridade estática en instalacións policiais e da Xunta de Galicia.

7.5.2.- PROTECCIÓN DINÁMICA

Efectúanse un importante número de dispositivos (1.244) e patrullas (2.701), ordinarios e extraordinarios, para dar servizo ao presidente da Xunta de Galicia, ao Vicepresidente da Igualdade e do Benestar, á presidenta do Parlamento de Galicia, así como aos visitantes ilustres nas súas estadias como invitados da Xunta de Galicia.

De especial importancia, tanto no aspecto de protección estática como dinámica, resultou o dispositivo despregado con motivo das vacacións estivais do presidente da Xunta de Galicia, cun amplo despregamento humano e de medios, no que se implicaron de xeito significativo a Xefatura Provincial de Pontevedra, e a Xefatura da Unidade que achegaron a maior parte do persoal ao dispositivo estático, e o dispositivo despregado no Consello da Xunta que tivo lugar na localidade coruñesa de Muxía.

No ano 2008 deuse apoio de seguridade a diversos actos institucionais e culturais, así como á visitas oficiais á nosa Comunidade Autónoma. Por parte da U.P.A. participouse, en colaboración co resto de forzas e corpos de seguridade na protección persoal e na seguridade das autoridades e personalidades -os convidados da Xunta de Galicia- que, en visita oficial, se achegaron a Santiago de Compostela e accederon ás instalacións e dependencias institucionais.

Entre os prestados, merecen ser destacados pola súa relevancia os servizos e operativos realizados con ocasión da visita de membros da Casa Real, do presidente do Goberno, ministros, presidentes de países estranxeiros, autoridades comunitarias, autoridades dos distintos parlamentos europeos e en reunións ministeriais. Como consecuencia incrementáronse notablemente as tarefas de contra vixilancia.


É oportuno sinalar que se realizaron tarefas de contravixilancia arredor de diferentes personalidades como consecuencia da actividade terrorista.

7.6.- APOIO A INSTITUCIÓNS

En apoio a tarefas de distintas consellerías, a U.P.A. estableceu durante o ano 2008, un amplo número de dispositivos, entendidos estes como servizos

planificados especificamente, estables e que alcanzan a tres ou máis funcionarios. Estas actividades policiais concrétnanse, fundamentalmente, en labores de apoio ás seguintes consellerías de:


- Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- Pesca e Asuntos Marítimos, en labores de inspección pesqueira.
- Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, con patrullas de protección ambiental.
- Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, fundamentalmente en servizos de protección a vítimas, traslados ou retirada de menores.
- Medio Rural, compulsións ou actos de concentración parreira.
- Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.
- Innovación e Industria e,
- ás restantes consellerías e outros organismos dependentes da Xunta de Galicia, cando as circunstancias o demandaron.



7.7.- RELACIÓNS COA COMUNIDADE

É consubstancial á actividade policial o mantemento de relacións fluídas e continuadas coa sociedade á que serve e, coas institucións que a representan. Dende a U.P.A., dentro do seu ámbito competencial e das específicas funcións que ten encomendadas, pretendeuse incrementar os contactos coa cidadanía, abríndose a calquera información que lle puidesen facilitar, e consecuentemente na súa relación coas autoridades, institucións e entidades, para un incremento na calidade dos servizos policiais e da súa percepción polos administrados.

Durante o ano 2008 mantivéronse encontros con autoridades xudiciais e Ministerio Fiscal, incrementáronse notablemente os contactos cos responsables dos servizos sociais dos concellos, pola súa inmediata implicación nas investigacións efectuadas nos eidos da violencia intrafamiliar e menores.



Todo isto incide nun maior número de referencias nos medios de comunicación social e, indirectamente, no grao de coñecemento que a sociedade galega ten da Unidade.

Nesta liña enmárcanse as visitas efectuadas por funcionarios uniformados a centros docentes, servizos sociais dos concellos, nos contactos con diferentes colectivos cidadáns e, sen dúbida, nos servizos humanitarios que se prestaron.



Neste senso é de subliñar a continua participación dos membros da U.P.A. en coloquios, reunións, entrevistas, así como a súa actividade docente, colaborando con distintas institucións públicas e privadas, como son a Universidade de Vigo e a Academia Galega de Seguridade Pública.



Na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), organismo autónomo adscrito á consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, impártense en cursos e xornadas un número importante de materias relacionadas coa actividade da U.P.A., como son as de seguridade, protección e medio ambiente.

7.8.-PARTICIPACIÓN NA “V FERIA INTERNACIONAL DE SEGURIDAD Y EMERGENCIAS”

Do 21 ao 23 de maio a consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da UPA, da AGASP e da Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA), participou na Feira Internacional de Seguridade e Emerxencias Integra +Seguridade 2008, que tivo lugar en Zaragoza.



No stand a UPA presentou unha motocicleta e un vehículo todoterreo rotulados dotados de avances tecnolóxicos como a instalación do dispositivo de comunicación e mobilidade (DCM).

Os funcionarios do grupo de incendios mostraron aos visitantes as ferramentas utilizadas na investigación de incendios forestais e deron as explicacións sobre este tipo de investigación.



Tamén se elaborou un vídeo explicativo sobre a orixe, a normativa, as funcións e mailo equipamento da UPA, que se visualizou nas diferentes pantallas do stand. Durante a Feira mantivéronse contactos con institucións, empresas especializadas, que xunto o propio stand fan que se conclúa a participación como altamente positiva



Revista Integra+Seguridad (Nº 2), na que destaca a presenza da UPA na Feria

8.- XESTIÓN DE RECURSOS

8.1.- XESTIÓN ECONÓMICA E TÉCNICA

8.2.- DISPOSITIVO DE COMUNICACION E MOBILIDADE

8.3 AVL (XESTIÓN DE FLOTAS)

8.- XESTIÓN DE RECURSOS

A xestión dos recursos e a busca da súa optimización, pode ser considerada dende dúas perspectivas fundamentais: a xestión técnica e a xestión de persoal.

8.1.- XESTIÓN ECONÓMICA E TÉCNICA

Documentación:

En todas as sedes da U.P.A. rexistráronse preto de 26.000 entradas e aproximadamente igual número de rexistros de saída. Realizáronse máis de 9.000 consultas ás bases de datos da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil.

Arquivo:

Polo importante número de documentación que se manexa é salientable o labor de arquivo, desenvolvéndose a cotío as funcións que son propias a tal actividade.

Automoción:

O parque móbil constitúe un área de especial importancia na UPA. Principalmente polo custo xerado pola adquisición dos vehículos, do seu combustible, e as tarefas de mantemento dirixidas a garantir as axeitadas condicións de seguridade dos vehículos e, mesmo, da imaxe institucional.

Na continua renovación do parque móbil, que na actualidade conta con 102 vehículos, no 2008 adquiríronse mediante o correspondente concurso público, 9 vehículos, 2 deles motocicletas e déronse de baixa 4 vehículos.

Comunicacións:

Na actividade policial son esenciais as comunicacións, que esixen importantes esforzos dado o seu constante dinamismo nos continuos avances tecnolóxicos.

Neste ano 2008 continuou a integración da U.P.A. no Programa Sistema de Radiocomunicacións Dixitais de Emerxencias do Estado (SIRDEE), ao abeiro do Convenio de colaboración entre o Ministerio do Interior e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, de 24 de xullo de 2006.


8.2 A.V.L.

O feito máis destacado dentro do ámbito das comunicacións deste ano 2008 foi a adquisición dun sistema de xestión de flotas (AVL).



A finais do ano 2008 asinouse un contrato para a adquisición e instalación de sesenta e sete equipos de localización automática de vehículos (AVL) GPS-TETRAPOL VISOR (Sistema de Navegación e consultas), para dotar aos vehículos da UPA con dirección operativa desde a sala de control.

Estes dispositivos están integrados no GIS (Sistema de Información Geográfico) do CNP, e son unidades que realizan o envío do seu posicionamento sobre o territorio, principalmente ás salas de control, a través dos equipos de radio SIRDEE instalados nos vehículos da UPA.



Este conxunto posibilita ademais da localización, a navegación, mensaxería, tanto de estado como libre, as consultas a bases de datos do Corpo Nacional de Policía e da UPA dunha forma máis fácil e efectiva, que a que tamén se pode levar a cabo desde os terminais da radio policial.

Os equipos contan cun visor (pantalla táctil) embarcado que dota ás unidades policiais das seguintes funcións:

- navegación a bordo
- intercambio de mensaxería (libre e de status) e visualización de alarmas
- realización de consultas a bases de datos remotas



8.2.- DISPOSITIVO DE COMUNICACIÓN E MOBILIDADE

Durante o ano 2008 a UPA utilizou 65 dispositivos de comunicación e mobilidade Samsung Q1 Ultra, que son pioneiros en España, e que permiten a comunicación e integración con outros sistemas, o tratamento de datos, a navegación guiada e o acceso a bases de datos de interese para a información policial.



Os dispositivos posibilitan a comunicación e integración con outros sistemas como a conectividade a redes para a transmisión de datos en tempo real - por redes wifi ou LAN ou por conectividade móbil UMTS ou GRPS. Deste xeito os funcionarios da Unidade poderán acceder ao correo electrónico, á intranet da Xunta de Galicia e da Policía. Tamén posibilitan a tramitación de documentos dende calquera lugar, enviar e imprimir e acceder á relación de actas e atestados.

Ademais, o sistema de navegación guiada por software que incorporan estes dispositivos facilita os percorridos entre poboacións e incluso pode usarse en “campo a través” –fóra de estradas e camiños- proporcionando toda a dotación policial de rumbo, velocidade, distancia, altitude e demais datos necesarios. Do mesmo xeito, ofrece a posibilidade de enviar e de recibir entre dispositivos as rutas feitas en tempo real ou as previamente elaboradas, facilitando así a orientación das dotacións policiais cando sexa preciso.



Tamén se permite o acceso a bases de datos de interese para os axentes e que se usan con frecuencia nas investigacións policiais como, por exemplo, o Catastro, o SixPac ou o SIAPOL.

Estes dispositivos (DCM) levan GPS integrado con cartografía da Unión Europea, módem de comunicación de banda ancha a través de UMTS e tamén

de GPRS - co cal pode conectarse cando non hai cobertura UMTS - e con tecnoloxía 3G, sistema operativo Microsoft Windows Vista Premium, navegador de Internet, pantalla táctil de 7 polgadas e un acceso directo ao SIAPOL. Tamén inclúen dúas minicámaras fotográficas integradas, unha traseira de 1,3 megapíxeles e outra frontal de 0,3, cámara de vídeo que permite a videoconferencia, gravadora de voz e dispositivo bluetooth, que permite traballar con datos doutros aparellos xa utilizados na UPA como os GPS dos grupos de Incendios e Medio Ambiente.

Trátase de aparellos de última xeración, lixeiros (0,70 kg.) e de tamaño reducido (22,7 cm. x 13 cm.) para que, ademais de ser aptos para todos os vehículos policiais, os axentes poidan levalo con eles cando se despracen a pé.

Informática:

A U.P.A., dado o extenso ámbito xeográfico de actuación e a súa descentralización territorial en distintas sedes, unido á propia función policial, demanda un sistema integral tanto para a xestión e organización como para as intercomunicacións e o transvasamento de información. A natureza e dinámica do traballo policial, tanto nos seus operativos como na súa xestión, esixe ademais dun áxil manexo, un tratamento seguro de todo tipo de datos, na súa maioría de especial protección.

O Gabinete Técnico, con dependencia directa da Xefatura de Unidade continua traballando no deseño dun proxecto de informatización, que permita traballar a toda unidade nun sistema único e integral.

Como as restantes unidades da Xunta de Galicia a U.P.A. conta con enderezos electrónicos baixo o dominio @xunta.es.

Xefatura Unidade	galipol.xefatura@xunta.es
Secretaría Xeral	galipol.secretaria@xunta.es
Gabinete Técnico	gabinete.galipol@xunta.es
Sala de Coordinación	galipol.sala@xunta.es
Xefatura de A Coruña:	galipol.xpco@xunta.es
Secretaría A Coruña	galipol.spc@xunta.es
Xefatura de Lugo	galipol.xplu@xunta.es
Secretaría Lugo	galipol.splu@xunta.es
Secretaría Ourense:	galipol.spou@xunta.es
Xefatura de Ourense	galipol.spou@xunta.es
Xefatura de Pontevedra	galipol.xppo@xunta.es
Secretaría Pontevedra	galipol.sppo@xunta.es
Xefatura de Vigo	galipol.xlvi@xunta.es
Secretaría Vigo	galipol.slvi@xunta.es

Formación:

No ano 2008 desenvóléronse un importante número de cursos relacionados coa actividade policial, o que permitiu a actualización e perfeccionamento dos funcionarios nos labores que teñen asignados; o que amosa un considerable esforzo dos membros da Unidade neste campo, xa que bo número deles participaron en máis dun curso, destacando entre outros:

- Condución de Seguridade de turismos
- Curso básico de protección
- Curso Instrutores de defensa persoal
- Curso de protección e defensa do patrimonio cultural
- Curso de formación SIAPOL
- Xornadas de prevención e protección antiterrorista
- Curso de especialización de delegados gubernativos de prazas de toros
- Inspección e control policial de máquinas de xogo
- Curso de urbanismo
- Intervención policial
- Curso de especialización no medio natural
- Xornadas de actuación policial con menores

No campo da formación cabe destacar os cursos específicos impartidos pola AGASP en materia de urbanismo, patrimonio histórico artístico de Galicia e siniestralidade laboral.

A estes cursos acudiron un número importante de funcionarios da UPA, que na súa maioría integrarán os grupos de investigación **EPICA** especializados nas anteriores materias, que empezarán a desenvolver o seu labor a principios do ano 2009

SIAPOL

Galicia foi a terceira comunidade autónoma, tras Navarra e Canarias, en contar con este servizo. A Dirección Xeral de Interior, asume dende o ano 2007 o custe dunha licenza institucional de subscrición ao Servizo Integrado de Actuación Policial (SIAPOL). Ponse a disposición dos membros da UPA e dos corpos de policía locais de Galicia esta aplicación informática en liña deseñada pola editorial Thomson Aranzadi, que é accesible a través de Internet por medio dun navegador ao que poden acceder todos os usuarios dende calquera ordenador

Os posibles usuarios (aproximadamente 2.500 policía locais e 500 da UPA), poden acceder ao SIAPOL a través dunha clave persoal facilitada pola Dirección Xeral de Interior dende calquera ordenador con acceso a Internet.



O servizo ofrece aproximadamente 400 procedementos de actuación, que se ampliarán a proposta dos usuarios, e ferramentas de apoio ao labor policial que facilitan tanto a operatividade como a formación policial.

O SIAPOL contén procedementos unificados que proporcionan a información necesaria ao policía sobre como proceder en cada momento ante as diferentes situacións, o procedemento de investigación, a elaboración de

dilixencias, os formularios relacionados, a lexislación e a xurisprudencia asociada así como as referencias bibliográficas asociadas.

SIAPOL
SISTEMA DE INFORMACIÓN PARA LA POLICÍA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E
JUSTIZIA

Ayuda | Copyright | 2008

Consulta Actualidad Briefing Estudio Más información

Consulta > Procedimiento

Procedimiento relacionado: Imprimir Guardar E-mail

Procedimiento
Detención policial de menores
Examen de la actuación policial en relación con la detención cautelar de menores, y problemas que se suscitan.

Seguridad ciudadana Legislación Jurisprudencia Bibliografía

Ver actuación rápida

Sumario

- 1.-Ámbito de Aplicación Subjetiva de la Ley Orgánica de Responsabilidad Penal del Menor
- 2.-Menores de 14 años
- 3.-Casos en que procede la detención de menores mayores de 14 años
- 4.-Forma de practicar su detención y duración
- 5.-Instrucción de Derechos y Notificaciones
- 6.-Identificación del Menor y Determinación de Su Edad
- 7.-Custodia
- 8.-Habeas Corpus
- 9.-Declaración del Menor y Asistencia Letrada
 - 9.1.-Declaración del Menor
 - 9.2.-Asistencia Letrada
- 10.-Remisión de Atestados

9.1. Declaración del Menor
La declaración del menor detenido se llevará a cabo en presencia:
a) De su letrado;
b) De aquellos que ejerzan la patria potestad, tutela o guarda del menor -de hecho o de derecho-, salvo que, en este último caso, las circunstancias aconsejen lo contrario;
c) en defecto de estos últimos la declaración se llevará a cabo en presencia del Ministerio Fiscal, representado por persona distinta del instructor del expediente.
En los casos en que las circunstancias hicieran aconsejable que los representantes legales no se encuentren presentes, deberá diligenciarse cuáles sean esas razones, y llegado el caso, hacer constar si los representantes legales son informados de la decisión, y su posición.

9.2. Asistencia Letrada
La asistencia del Abogado del menor detenido se ajustará a las reglas generales (art. 520.6 LECrim). Conviene sin embargo advertir que el menor detenido tendrá derecho a la entrevista reservada con su abogado con anterioridad y al término de la práctica de la diligencia de toma de declaración, como ya anteriormente se había reconocido por la Consulta de la Fiscalía General del Estado 2/2005, de 12 de julio.

10.- Remisión de Atestados
Los atestados en los que se encuentren detenidos o encartados únicamente menores entre 14 y 18

Complementariamente, Aranzadi entregou 3.500 guías de usuario, repartidas pola Dirección Xeral Interior a todos e cada un dos usuarios aos que tamén se dotou da correspondente clave persoal.

SIAPOL
SISTEMA DE INFORMACIÓN PARA LA POLICÍA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E
JUSTIZIA

Consulta Actualidad Briefing Estudio Más información

Consulta > Procedimiento

Procedimiento
Detención policial de menores
Examen de la actuación policial en relación con la detención cautelar de menores, y problemas que se suscitan.

Seguridad ciudadana Legislación Jurisprudencia Bibliografía

Legislación (6 documentos)

- 1.-Modificación de la Ley Orgánica 10/1995, de 23-11-1995 (RCL 1995\3176 y RCL 1996\777), del Código Penal, y del código civil, sobre sustracción de menores
Ley Orgánica 9/2002, de 10 diciembre
Disp.transit. UN.
- 2.-Ley de Responsabilidad Penal de los Menores.
Ley Orgánica 5/2000, de 12 enero
Art. 1. Declaración general
Art. 17. Detención de los menores
Disp. final. 1. Derecho supletorio
- 3.-Ley Orgánica de Protección Jurídica del Menor.
Ley Orgánica 1/1996, de 15 enero
Art. 1. Ámbito de aplicación
- 4.-Código Penal.
Ley Orgánica 10/1995, de 23 noviembre
Art. 80. [A los mayores de dieciocho y menores de veintún años]
- 5.-Ley de Enjuiciamiento Criminal.
Real Decreto, de 14 septiembre 1982
Art. 490. [Derecho de detener]
Art. 492. [Obligación de detener]

CODIGO PENAL-CODIGO CIVIL. Modificación RCL 1996\777, del Código Penal, y del Código

DEFATURA DEL ESTADO
BOE 11 diciembre 2002, núm. 296, [pág. 42099]

Disposición transitoria única.
Se suspende la aplicación de la Ley Orgánica de Responsabilidad Penal de los Menores, en lo que respecta a los menores de 14 años, hasta el 1 de enero de 2007.

EQUIPO DE TIRO POLICIAL

Cumpriuse na súa totalidade o Plan Nacional de Tiro previsto pola Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil.

A ERPOL facendo prácticas de tiro



O equipo de tiro da Unidade composto por funcionarios de todas as xefaturas participou durante o ano 2008 en varios campionatos autonómicos conseguindo os seguintes resultados:

* Campionato da Garda Civil:

- Primeiro posto por equipos
- Segundo e terceiro posto individual



*

Campionato da AGASP:

Categoría feminina:

- Segundo posto por equipos
- Carto posto individual



Categoría masculina:

- Terceiro posto por equipos
- Quinto posto individual

* Campionato de Arma Larga (Día das Forzas Armadas)

Primeiro clasificado



9.- OBJECTIVOS PARA O ANO 2009

9.- OBXECTIVOS PARA O ANO 2009

- ** Continuar o incremento ata 500 efectivos e consecuentemente avanzar no despregamento territorial.
- ** Potenciar a especialización en grupos operativos e a formación específica dos funcionarios en ditas áreas de traballo.
- ** Mellorar as condicións de seguridade dos edificios e instalacións da U.P.A. e a xestión dos medios técnicos e materiais na procura da máxima eficacia no desempeño das actividades operativas.
- ** Total incorporación das novas tecnoloxías as actividades policiais:
 - * Total instauración do sistema de radiocomunicacións dixitais de emerxencias do Estado (SIRDEE).
 - * Completar o deseño dun sistema integral de informatización.
 - * Mellorar a estatística e o tratamento da información.
 - * Implantar en todos os vehículos e en todas as Salas de Comunicacións o sistema automático de localización de vehículos (xestión de flotas).
 - * Favorecer o uso como ferramenta de traballo e de formación do Sistema Integral de Actuación Policial (SIAPOL)
- ** Implantación, como instrumento de calidade, da carta de servizos da U.P.A.
- ** Incrementar a colaboración coas restantes Forzas e Corpos de Seguridade
 - * Continuar a participación nos dispositivos que se constitúan xunto co C.N.P, Garda Civil e a U.P.A.
 - * Aumentar o número de investigacións e de inspeccións oculares con ocasión dos incendios forestais, en coordinación coa Garda Civil.
 - * Conseguir a plena presenza policial (C.N.P., Garda Civil e U.P.A.) nas investigacións por incendios forestais realizadas polas Brigadas de Investigación Forestal.
- ** Creación dos grupos EPICA (patrimonio, urbanismo e siniestralidade laboral)